

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 8 de outubro de 2020, da Área de Planificación e Proxectos, pola que se fai pública a aprobación do expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción de rotonda no punto quilométrico 98+340 da AC-550, de clave AC/19/076.06.

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, DOG do 20 de setembro), vistos os informes e certificacións das administracións afectadas no trámite de información pública, ditou o 7 de outubro de 2020 a seguinte resolución:

Resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción de rotonda no punto quilométrico (p.q.) 98+340 da AC-550, de clave AC/19/076.06.

Antecedentes de feito:

Primeiro. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 52, do 16 de marzo de 2020, publicouse o Anuncio do 2 de marzo de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de rotonda no punto quilométrico (p.q.) 98+340 da AC-550, de clave AC/19/076.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. A actuación obxecto do proxecto consiste na implantación dunha rotonda na intersección situada no p.q. 98+340 da estrada AC-550, no lugar denominado O Cruceiro, na parroquia de Santa Mariña de Xuño, no municipio de Porto do Son. Neste punto da intersección conéctanse a estrada AC-550 coa vía que leva á igrexa de Santa Mariña pola marxe esquerda e coa vía que se dirixe ao colexio, ao centro de saúde e á praia das Furnas, pola marxe dereita.

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e no trámite de información pública non se formularon alegacións.

CVE-DOG: cvp00j89-i8m0-ckc6-0ce0-lzjnggpaahv1



Fundamentos de dereito:

Primeiro. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG núm. 179, do 20 de setembro).

Segundo. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da Administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.

No seu número 5, o mesmo artigo indica que a aprobación definitiva dos anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados, así como para a traza de planta do proxecto e as modificacións desta que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.

No punto 6 do mesmo artigo 22 indícase que «logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos nesta lei serán efectivas respecto dos terreos que afecte a actuación correspondente».

CVE-DOG: cvp00j89-i8m0-ckc6-0ce0-lzjngpaaahv1



De acordo co que establece o artigo 23 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, e as determinacións que neles se conteñen terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, sen prexuízo de que as entidades locais en que se asenten as infraestruturas obxecto do proxecto deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto.

Polo exposto, o Concello de Porto do Son deberá adaptar o seu planeamento urbanístico na súa primeira modificación ou revisión ao contido no proxecto.

Terceiro. Simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e despois dos informes e certificados presentados,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública do proxecto construtivo de rotonda no punto quilométrico (p.q.) 98+340 da AC-550, de clave AC/19/076.06.

Segundo. Aprobar o proxecto de construción de rotonda no punto quilométrico (p.q.) 98+340 da AC-550, de clave AC/19/076.06, mantendo o trazado aprobado inicialmente como definitivo.

Terceiro. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Porto do Son deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, na súa primeira modificación ou revisión.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da

CVE-DOG: cyp00j89-i8m0-ckc6-0ce0-lzjnggpaahv1



publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Carlos Lefler Gullón
Xefe da Área de Planificación e Proxectos

CVE-DOG: cvp00j89-i8m0-ckc6-0ce0-lzjnggpaahv1

